

RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN 2023

Pola Resolución reitoral, de 8 de febreiro de 2023, fíxose pública a Convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades formativas e de divulgación 2023.

Unha vez efectuada a revisión das solicitudes presentadas, de cara a comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- > Aprobar a publicación da listaxe provisional das solicitudes admitidas e excluídas da Convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades formativas e de divulgación 2023.
- > Establecer un prazo de alegación de dez días hábiles para, de ser o caso, emendar os defectos que motivaron a exclusión. Este prazo comezará a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. Tamén se publicará na páxina de convocatorias: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/1063>
- > As alegacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER dirixida á Escola Aberta de Formación Permanente (EAFP).
- > A concesión das axudas está condicionada ao compromiso de executar o gasto antes do 15 de outubro de 2023.
- > As axudas do Concepto III: Actividades de divulgación serán retransmitidas e/ou gravadas por UVigo-TV para a súa posterior consulta.
- > As axudas do Concepto III: Actividades de divulgación terán o recoñecemento de actividades de Formación Permanente do Profesorado. Este recoñecemento estará limitado ao profesorado da Universidade de Vigo.
- > A convocatoria seguindo as liñas de actuación da Universidade de Vigo non apoiará a impresión de material publicitario. A xeración da imaxe corporativa do GID correrá a cargo da Escola Aberta de Formación Permanente (EAFP) e a Área de Imaxe da UVigo.
- > Os materiais que se desenvolvan deberán incluír o logotipo da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo e a difusión debe indicar que é froito desta convocatoria.

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,
Por delegación RR 22/06/2022
O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións
Alfonso Lago Ferreiro



LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS**Concepto I: Xeración de recursos educativos abertos (REA) para a docencia.**

Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, aplicacións móbiles e software con finalidade docente.

- > *Mirian Alvariñas Villaverde*
GID: DIDACTICAE
Elaboración de REA sobre o emprego de metodoloxías activas para o dominio de competencias.
- > *Beatriz Cancho Grande*
GID: Aliméntate con ciencia e conciencia
Elaboración de vídeos didácticos.
- > *Beatriz Comendador Rey*
GID: GIDEP (Grupo de Innovación Docente en EduAcción Patrimonial)
Elaboración dun conto ilustrado sobre a tradición oleira das Rías Baixas.
- > *Ángel Fernández Vilán*
GID: CIMAcademic
Xeración de recursos docentes con realidade virtual.
- > *Marta García González*
GID: GRETTEL (Grupo de Estudos de Tradución, Tecnoloxías e Linguas)
Elaboración de píulas formativas sobre os conceptos básicos da economía multilingües (galego, castelán e inglés).
- > *María Lameiras Fernández*
GID: HILDEGARD (innovación en Sexualidade, Xénero e Saúde)
Colaboración na publicación A miña menstruación: rompendo tabús da colección de libros de divulgación de Educación Sexual Integral.
- > *María Asunción Longo González*
GID: IN-PROQUIBIO (Innovación docente en procesos de la industria química, petroquímica y biotecnológica)
Xeración de dunha unidade didáctica centrada na tecnoloxía para a produción de bioetanol.
- > *María Nieves Lorenzo González*
GID: HIPATIA
Gravación de experimentos sinxelos para comprender os conceptos e fenómenos relacionados coa Física.
- > *Sidonia Martínez Suárez*
GID: Info-Tec-Al
Xeración de dunha páxina web para o grupo.



- > Concepción Paz Penín
GID: CFD aplicado á docencia
Elaboración de unidades didácticas sobre Mecánica de fluídos.
- > José Santiago Pozo Antonio
GID: XEODA (Xeoloxía orientada á docencia)
Xeración de catálogo petrográfica don Ricardo Castroviejo Bolibar.
- > María José Pérez Álvarez
GID: Mundo Microbio
Compra de material funxible de laboratorio para desenvolver obradoiros.
- > Marta Pérez Rodríguez
GID: MaREMa (Materiales y Recursos en Matemáticas)
Actualización da páxina web e tradución ao galego.
- > Montserrat Ribao Pereira
GID: ALITES (Actualización en Literatura Española)
Preparación do signado de oito pílulas para curso de formación.

Concepto II: Xeración de cursos de autoformación en liña

Estes cursos non precisarán de titorización.

- > Begoña González del Prado
GID: GID_EIQ (Educando en Ingeniería Química)
Curso sobre Introducción aos reactores químicos ideais.
- > María Ángeles Sanromán Braga
GID: BTQM (Biotecnología, Tecnología Química e Medioambiental)
Curso sobre Introducción á Tecnoloxía Química e Biotecnoloxía.

Concepto III: Actividades de divulgación docente

Sufragarase o pagamento a persoas para impartir xornadas e conferencias.

- > José Benito Vázquez Dorrió
GID: Aprendizaxe manipulativa da Física
Impartición de relatorios interactivos
- > Alberto Dafonte Gómez
GID: Dixitais
Impartición de tres conferencias con especialistas en alfabetización dixital.
- > María José Bravo Bosch
GID: Docentia et mullier



Impartición de docencia práctica sobre a temática da muller.

- > Rocío Rodríguez Daponte
GID: Pra&Empr (Prácticas na Empresa)
Impartición de obradoiro no que traballarán as competencias transversais máis valoradas nas prácticas externas e nas entrevistas de selección de persoal.
- > Rosa María Ricoy Casas
GID: ODS Cities and Citizenship
Impartición dunha Xornada de Experiencias de Innovación Docente Universitaria.

As cantidades definitivas que sufragarán cada solicitude publicaranse na resolución definitiva da convocatoria.

